



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE LUGO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO IMPARTIDA POLO CONCELLO DE LUGO

En Santiago de Compostela, a 3 de agosto de 2021

COMPARECEN:

Por unha banda,

Dona M.^a Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7/09/2020) actuando en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co artigo 7 do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG. Núm. 190 de 18 de setembro de 2020) e polo Decreto 215/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, no artigo 44.b) atribúese á Dirección Xeral de Formación e Colocación as competencias relativas, entre outras, a dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación profesional para o emprego.

E pola outra Dona Lara Méndez López, co DNI núm. 77594722J, na súa calidade de Alcaldesa de Lugo, elixida polo Pleno do Concello de Lugo en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, na representación legal do incluso, con dirección en Praza Maior nº 1 de Lugo, CIF P2702800J.

Ambas as dúas partes recoñécense coa capacidade xurídica para actuar no presente acto e,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO

O estado de alarma, provocado pola COVID-19, provocou unha situación excepcional que afectou ao emprego e as súas dificultades de acceso, convertíndose nunha das principais preocupacións dos/as cidadáns/cidadás.

A crise sanitaria, puxo de manifesto a necesidade de contar co persoal cualificado no sector sociosanitario e das novas tecnoloxías, desenvolvendo programas formativos que inclúan, coñecementos técnicos ou específicos, que capaciten ás persoas para o desenvolvemento de carreiras profesionais con maiores expectativas laborais, perfís profesionais asociados aos novos condicionantes do mercado de traballo como é o caso do coidador/a na atención sociosanitaria de persoas dependentes e persoal cualificado na confección e deseño de páxinas web.




Por estes motivos, e debido ao contexto actual no que nos atopamos, considérase necesario desenvolver actuacións prioritarias e eficaces, a través de políticas activas de emprego co obxecto de axudar a mellorar a empregabilidade das persoas, así como promover a súa inserción laboral a través de accións formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade e a formación en competencias clave que permitan, unha vez finalizada a formación favorablemente, ter un dos criterios de acceso para a realización de formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade.

Na procura da optimización do uso de recursos públicos previstos polas diferentes administracións, cara a incentivar e dinamizar o mercado laboral e fomentar as cualificacións das persoas, apóstate por desenvolver accións formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade e competencias clave.

As accións formativas que se desenvolverán, son as seguintes:

ACCIÓNES FORMATIVAS CONDUCENTES A CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE	Nivel cualificación	Nº DE EDICIÓNES
SSCS0208.- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	2	1
IFCD0110.- Confección e Publicación de páxinas web	2	1
ACCIÓNES FORMATIVAS NON CONDUCENTES A CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE		
FCOVXX01 Comunicación en lingua galega	2	2
FCOV22 Comunicación en lingua castelá	2	2
FCOV23 Competencia matemática	2	2



Na execución práctica observaranse, en todo caso, o establecido nos certificados de profesionalidade e nos programas formativos correspondentes.

SEGUNDO

Entre as competencias que en materia laboral lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a promoción do emprego e a formación profesional para o emprego, tendo atribuído o seu exercicio á Consellería de Emprego e Igualdade, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993 de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional, e no Decreto 215/2020 do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, no artigo 44.b) atribúese á Dirección Xeral de Formación e Colocación as competencias relativas, entre outras, a dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación profesional para o emprego.

Co obxectivo de dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a Formación Profesional como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta de formación profesional conducente a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ó día das súas competencias profesionais.

TERCEIRO

Ambas institucións comparten a crenza de que a mellor e máis prioritaria inversión é o capital humano. No momento actual, cómpre actuar conxuntamente e tomar medidas combinadas, que supoñan a optimización dos recursos públicos previstos polas diferentes administracións para incentivar e dinamizar o mercado e fomentar as cualificacións dos recursos humanos, contribuíndo a concretar algunha das actuacións propostas na Comunicación da Comisión Europea 2020 “Una estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador” [COM (2010) 2020 final].

Por todo o anterior, e na procura da optimización do uso de recursos públicos, ambas partes consideran de interese a sinatura deste convenio, cos compromisos que a continuación se relacionan.

ACORDAN:

Sentar as bases, definidas nas cláusulas que a continuación se recollen, para que a formación a desenvolver, conducente ou non á obtención de certificados de profesionalidade establecido no punto PRIMEIRO deste convenio, leven consigo a acreditación a través da expedición dos correspondentes certificados de profesionalidade ou diplomas que en todo caso, serán emitidos polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de cumprir os requisitos previstos para tal fin no presente convenio.

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida asociada aos certificados de profesionalidade e as competencias clave, para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos e o módulo de prácticas profesionais non laborais asociado a ese certificado de profesionalidade, así como a avaliación positiva da formación nas competencias clave, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.

O obxectivo da formación desenvolvida é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Emprego e Igualdade.

A formación impartida realizarase de forma presencial, e desenvolverá todos os módulos, incluídos nos certificados de profesionalidade referidos ou unidades de aprendizaxe incluídas nos programas das competencias clave.

Os medios materiais e didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación, responderán ós requirimentos esixidos nos reais decretos onde se regulan os certificados de profesionalidade así como na normativa correspondente as competencias clave.

SEGUNDA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LUGO

O Concello de Lugo obrígase, mediante este convenio, nomeadamente a:

1. Antes do inicio das accións formativas, e con antelación suficiente, comunicar á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade correspondente o calendario de desenvolvemento das accións formativas a impartir, o lugar onde se impartirá a formación teórica, o centro de traballo onde se realizarán as prácticas, o programa formativo en formato normalizado, co desenvolvemento de cada un dos módulos formativos que comprenda a acción formativa a impartir, a duración e os equipamentos necesarios, a relación dos docentes cos respectivos currículos. Ó finalizar as accións formativas comunicará a relación do alumnado que finalizou o curso con avaliación positiva.

Para isto o Concello de Lugo comprométese especificamente a garantir que as empresas que desenvolvan a formación mencionada, estean inscritas /acreditadas no *Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia* e que empregarán a aplicación SIFO na xestión das mesmas, para facilitar a labor de supervisión, coordinación e control polos técnicos da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade.

2. Seleccionar o alumnado, prioritariamente, a través da oferta de formación do Servizo Público de Emprego de Galicia. Os criterios de selección que se aplicarán serán o cumprimento dos requisitos esixidos polo programa formativo ou do certificado e a pertenza a grupos ou colectivos de vulnerabilidade no emprego



3. Verificar, con anterioridade ó inicio da acción formativa conducente ao certificado de profesionalidade ou competencia clave, que o alumnado reúne os requisitos esixidos para acceder á formación, segundo a normativa de referencia, e que a especialidade formativa segue de alta no ficheiro de especialidades formativas do SEPE.
4. Impartir a formación en centros acreditados pola Consellería de Emprego e Igualdade para a impartición das especialidades formativas referidas neste convenio.
5. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Emprego e Igualdade, así como todas aquelas actuacións de avaliación, seguimento e control esixidas polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
6. Impartir os módulos de formación práctica en centros de traballo, segundo o previsto nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade e a comunicar á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade, os convenios de colaboración cos anteditos centros de traballo.
7. Que todo o persoal docente, participante na formación, reúna as prescricións sobre formación e experiencia profesional recollidas no anexo IV de cada certificado, segundo o establecido nos respectivos reais decretos e nos programas formativos aprobados polo SEPE.
8. Avaliar ó alumnado por módulos formativos, de forma sistemática e continua, co obxectivo de comprobar os resultados da aprendizaxe e, en consecuencia, a adquisición das competencias profesionais, segundo o establecido nos reais decretos polos que se regulan os certificados de profesionalidade.
9. Asesorar na tramitación da solicitude dos diplomas das competencias clave e dos certificados de profesionalidade a todas as persoas que cumprindo os requisitos de acceso á formación, a finalicen con avaliación positiva. En ningún caso, a Consellería de Emprego e Igualdade adquirirá a responsabilidade nin obriga ningunha respecto daquelas persoas que puideran participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados de profesionalidade e competencias clave.
10. Desenvolver a formación aquí recollida con medios económicos do Concello de Lugo, sen que en ningún caso a Consellería de Emprego e Igualdade, adquira ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.

En todo caso, a responsabilidade da execución do presente convenio ante a Xunta de Galicia recae no Concello de Lugo. Será o Concello de Lugo, a que garanta o efectivo cumprimento da normativa vixente no desenvolvemento das accións formativas.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA

A Consellería de Emprego e Igualdade obrígase a expedir os correspondentes diplomas acreditativos da competencia clave superada, da especialidade conducente á obtención de



certificado de profesionalidade a quen o solicite e demostre ter superado todos os módulos correspondentes ó devandito certificado ou unidades de aprendizaxe a través da formación impartida por esta institución correspondentes ás accións formativas recollidas no punto PRIMEIRO deste convenio, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos neste convenio e na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade e das competencias clave.

En ningún caso, a Consellería de Emprego e Igualdade adquirirá ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que puidesen participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polas competencias clave e os certificados de profesionalidade ou se a formación se impartise sen cumprir os requisitos propios do certificado ou competencia clave

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha Comisión paritaria para o seguimento deste convenio, formada por dous representantes da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, a Concelleira da Área de Cohesión e Dinamización Social ou persoa na que delegue, e un funcionario designado pola anterior. Esta Comisión exercerá, principalmente, as seguintes funcións:

- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.
- Vixilancia e seguimento do cumprimento deste convenio.
- Aqueloutras que, para o efecto, se lle encomenden.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Emprego e Igualdade, poñendo fin á vía administrativa.

Contra estas resolucións poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose: a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Orde TMS/369/2019, do 28 de marzo, pola que se regula o rexistro estatal de entidades de formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas; a Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, de 3 de xullo, que á súa vez desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e a súa financiación, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións



públicas destinadas a o seu financiamento; a OrdeTMS/283/2019, do 12 de marzo, pola que se regula o Catálogo de Especialidades Formativas no marco do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e as lagoas que podan presentarse, de acordo co seu artigo 4.

Nas incidencias que poidan xurdir na execución das accións formativas, e que non se resolvan no marco do presente convenio, estarase supletoriamente, ao que dispoña a orde pola que se convocan subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

SEXTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO

Este convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, tal e como establece o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

SÉTIMA.- EXTINCIÓN OU RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Son causas de extinción ou resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento das súas cláusulas por calquera das partes.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) O mutuo acordo.

En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que fose a súa causa, as actuacións ás que ven referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.

OITAVA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ó tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente convenio.

Neste sentido as partes comprométense a cumprir adecuadamente e, en todo momento as obrigas derivadas da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, respecto do tratamento dos datos persoais facilitados, cuxo prazo de conservación será o necesario para a completa execución do procedemento, in-



cluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro. Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia deste convenio será dende a data da sinatura ata o 31 de outubro de 2022, sempre que non medie denuncia dalgunha das partes, formulada de forma fidedigna con tres meses de antelación, ou se dea por rematado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa de forza maior.

En todo caso, as partes poderán asinar, se así se considera, as adendas necesarias, relativas ás posibles prórrogas das accións formativas a realizar.

De conformidade, asinan este convenio por duplicado no lugar e data sinalados no encabezamento,

A Conselleira de Emprego e Igualdade



María Jesús Lorenzana Somoza

A Alcaldesa do Concello de Lugo



Lara Méndez López

